

Forcas do Fial.

Espectacular descenso sito na aldea de Seceda, pobo que non debemos deixar de visitar. Río moi acuático, cheo de sorpresas, en forma de pozas de auga cor ocre, tapizadas de musgo nas súas paredes, vexetación singular, diversas formacións propias de covas, e moi deportivo nos seus rápeles, todos e cada un, a cal mais singular. Como e posible realizalo con **caudal alto**, pode ser delicado en algún punto, que haberá que destrepar, pero case sempre se poden salvar con pequenos saltos que ó longo do río son abundantes.

Formado como é habitual na zona, en esquistos pizarrosos, brandos moi tallados pola forza das augas que son permanentes todo o ano.-

Aproximación en coche.

Dende Fogoso do Courel, 18,3 Km, e 30 minutos de recorrido, tomar dirección **Seoane do Courel** por LU-651, recorridos **11 km**, tomar dirección **o Incio** por **LU-P- 1306**, e continuar por trazado asfaltado de alta montaña ata a entrada do pobo de Seceda, onde podemos aparcar o vehículo.-

Acceso .

Tomamos o primeiro camiño que se interna entre as casas e que sae do amplo aparcamento na entrada do pobo, enseguida vira a dereita pasamos o lado de un lavadeiro e unha fonte, en este punto abandonamos ese camiño que vai o camposanto do pobo, e subimos a o camiño mais alto e que continua ata internarse en unha fermosa fraga, pegado a marxe dereita do Regueiro do Fial, perante 1,5 Km, ata a terceira ponte de madeira que cruza este río e que ten unha presa mesmo por encima de esta. Por encima xuntan as súas augas o Fial e o Arrieira. Este camiño sae do mesmo Pobo de Seceda, onde podemos deixar o noso coche en calquera punto entre a ponte do río e as primeiras casas do pobo.

Descenso.

Destrepes e tobogáns iniciais, que se poden asegurar con ancoraxes, dan inicio o descenso. En seguida un corte con salto pola esquerda e rapel a dereita, será preámbulo de un estético **R12**. Un largo tramo de pequenos destrepes e saltos a pozas estreitas entre paredes, algún túnel entre a maleza que se toca nos teitos do barranco, non deixa marxe o aburrimiento. Prestar especial atención en diante, os **2 rápeles seguintes que rematan na zoa mais acuática do río e que acaban en gorgas cos teitos pechados** que semellan covas. Como guinda, un fantástico R 11 saltable, e toboganeable si se fai comprobación previa. Tres resaltes pequenos rapelables, poñen remate o río e saíndo pola súa esquerda en unha presa que nos deixa na estrada .

Materiais:

Neopreno completo / 2 cordas de 20 m / bagas de anclaxe / descendedor.
Descenso equipado con parabolts con Fixe2

Tempos:

Aproximación desde Seceda a pé en 25 min.
Descenso 2:00 horas. Escape final Inmediato.